

CIRCULAR 253

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MARZO / ABRIL 2015



XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 254 de maio/xuño de 2015,
e sairá a principios do mes de xullo de 2015.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de xuño.

ÍNDICE

- 5 **Información Xeral**
- 13 **Información das Seccións**
- 17 **Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)**
- 18 **Grupo de Tráfico e Seguridade**
- 19 **Comisión de Psicoloxía do Deporte**
- 20 **Achegas da Psicoloxía**
- 22 **Grupo de Traballo de Atención Temperá**
- 23 **Cursos, Xornadas e Congresos**

Editorial

*«Teoricamente somos
o ser racional por
excelencia e, pola
contra, somos a espe-
cie máis emocional».*

*Eduard Punset,
El alma está en el cerebro
(2012).*

Aproximando psicoloxía e sociedade

Crear oportunidades de encontro é moi valioso como ocasións para a posta en común, para dar visibilidade e compartir. Van seis anos dende que convocamos un encontro anual para as compañeiras e compañeiros colexiados no que celebrar a nosa profesión e reivindicar nun acto social a vixencia da psicoloxía. Aquel primeiro Achegas de 2009 é hoxe un evento consolidado, con proxección pública, no que nos reunimos diferentes xeracións unidas cunha mesma paixón: a psicoloxía.

No Achegas realizamos a entrega do noso galardón máis importante, o Premio Dolores Llópiz «Psicoloxía e Sociedade», un recoñecemento que creamos para distinguir a persoa, a institución ou a un colectivo pola súa contribución ao desenvolvemento da psicoloxía en calquera dos seus eidos. Leva o nome da nosa benquerida compañeira Dolores Llópiz Pereiro, que xa non está entre nós pero que durante máis de dez anos traballou activamente co Colexio, tanto na Xunta de Goberno, na Comisión Deontolóxica e na Área de Psicoloxía Educativa.

Este galardón permitiunos recoñecer o papel dos medios de comunicación en 2009 co xornalista Joel Gómez, pola súa contribución á sensibilización social; e tres anos despois a Gemma Nierga, que no seu programa de radio facilitaba a visibilización e a desestigmatización da enfermidade mental. Significamos o

labor para conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria de Carlos Varela García en 2010, daquela Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Un ano máis tarde compartimos a loita da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica, un acto de xustiza fundamental para dignificar as persoas e os pobos. Outro colectivo, o da veciñanza do barrio de Angrois, mereceu un sentido premio en 2014 polo seu comportamento xeneroso, exemplar e altruísta que axudou a salvar vidas no accidente do tren Alvia. Con moita pena, non puidemos entregar en persoa o galardón de 2013 a José Luis Sampedro, escritor e economista que faleceu días antes do acto no que quixemos recoñecer a súa sensibilidade e o seu compromiso social.

En 2015 concedemos o Premio Dolores Llópiz a unha persoa cun perfil multidisciplinar e coñecido principalmente como divulgador científico: Eduard Punset. Nos medios de comunicación de masas son escasas as fiestras para a ciencia e a tecnoloxía, e un dos nomes que puxo un especial empeño persoal nisto foi o noso vindeiro galardoado. Punset abordou esta importante área do saber de forma comprensible e accesible á sociedade a través da emisión semanal Redes que dirixía e presentaba, e que rematou en 2014 tras dezaioito anos en antena.

A traxectoria de Eduard Punset vai máis alá de Redes; é un reputado xurista, economista, escritor, profesor e político que tivo un papel histórico moi relevante especialmente na Transición democrática como Secretario Xeral Técnico do Goberno e tamén na apertura do Estado ao exterior, como Ministro de Relacións para as Comunidades Europeas. Pero probablemente sexa Redes o seu legado máis coñecido, onde achegaba ao gran público as claves para comprender e coñecer mellor a conduta humana en toda a súa extensión e desde múltiples perspectivas. Fíxoo cunha visión poliédrica da persoa cunha abordaxe que ía desde a bioloxía, ata a xenética, pasando pola educación ou a capacidade de aprendizaxe, por exemplo.

Interésanos tamén porque nos seus numerosos libros publicados, ademais de en Redes, tentou explicar un eixo tan importante do noso traballo como son as emocións, a felicidade, a intelixencia, a dor ou a liberdade; polo seu xeito de reflexionar sobre a relación do individuo co grupo social no que medramos e nos desenvolve-

AVISOS

Rexistro de psicólogos e psicólogas especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogas e psicólogos especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñan acadado esta titulación do Ministerio e aínda non a presentaron no COPG, terán que achegar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao seu expediente colexial e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

mos. Especialmente, sabe situar as emocións como un elemento central do desenvolvemento psicosocial dos nenos e nenas, un aspecto moi descoidado nos currículos educativos formais.

Falar de Punset é, pois, falar de comprender o ser humano, o seu comportamento, a neuropsicoloxía e as emocións. É por iso que desde a Xunta de Goberno do Colexio non tivemos ningunha dúbida en que é un digno merecedor do noso benquerido premio Dolores Llópiz "Psicoloxía e Sociedade". Incorporámolo felices á nosa historia colexial, integrando unha parcela moi especial que nacía seis anos atrás e que ten unha cita asegurada no calendario, o Achegas da Psicoloxía. Agardamos contar contigo nesta edición o 30 de maio en Santiago de Compostela.

INFORMACIÓN XERAL

Relacións institucionais

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, reuníronse o 11 de febreiro co subdirector xeral de Planificación e Protección Civil da Xunta de Galicia, José Gil de Bernabé, e o xefe de servizo de Protección Civil, Pedro Luis Sánchez Castro. Nesta xuntanza abordáronse as liñas do convenio de colaboración para 2015 entre ambas as dúas institucións en materia de protección civil.



M^a Rosa Álvarez Prada

A decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Rosa Álvarez Prada, e a vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Traballo do Tráfico e da Seguridade, Eva Muíño Gómez, mantiveron unha reunión o 27 de febreiro coa directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Xunta de Galicia, Susana Rodríguez Carballo. Neste encontro aborouse a formación específica en avaliación psicolóxica para o exercicio do mergullo profesional, que ten previsto impartir o COPG este ano, así como a habilitación de psicólogos e psicólogas para a realización das probas de avaliación psicolóxica contempladas no regulamento do exercicio do mergullo profesional.

En representación do Colexio

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 6 de febreiro, xunto co secretario de Unión Profesional, Antonio Macho Senra, á reunión co profesor Luis Hervella, responsable do programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC na Universidade, para tratar temas de orientación profesional.

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á reunión do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, celebrada en Santiago de Compostela o 9 de febreiro.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 24 de febreiro ao acto de celebración do Patrón da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 27 de febreiro ao Pleno da Xunta Directiva de Unión Profesional de Galicia en Santiago de Compostela.

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o pasado 5 de marzo ao acto con motivo do Día Internacional da Muller, organizado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, en Santiago de Compostela.

A tesoureira da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Leonor Galiana Caballero, asistiu á reunión do Consello Galego de Benestar Social o 6 de marzo en Santiago de Compostela.



M^a Jesús López Cernadas

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuito reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre alugueiro, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

❑ Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

❑ O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

❑ Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: «Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000».



Mª Concepción Prado Álvarez

A decana do Colexio, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu o xoves 12 de marzo á Conferencia con motivo do Día Internacional do Glaucoma organizada pola Delegación Territorial da ONCE da Coruña.

A vicesecretaria do COPG, Mª Concepción Prado Álvarez, acudiu o xoves 12 de marzo á reunión do Grupo de Traballo de Intrusismo Profesional na sede de Unión Profesional.

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, asistiu o venres 19 de marzo aos actos de celebración do Día Mundial do Traballo Social organizados na sala de conferencias do Centro ABANCA en Santiago de Compostela.



Carlos Montes Piñeiro

O vogal da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, Carlos Montes Piñeiro, asistiu á Xornada técnica «Conciliación, demografía e empresa», organizada pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e que tivo lugar o 19 de marzo na Fundación Abanca en Lugo.

A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, e Ana Isabel Martínez Arranz, coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) e vogal da Xunta de Goberno do COPG, asistiron o 24 de marzo á visita do novo centro de emerxencias 112 situado na Estrada (Pontevedra).

A decana, Mª Rosa Álvarez Prada, o 28 de marzo foi proclamada como vicepresidenta da Unión Profesional de Galicia, da cal o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia forma parte.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto coa Vogal da Xunta de Goberno, Concepción Rodríguez Pérez, asistiron o 10 de abril ao acto de entrega da Medalla de Honor de Unión Profesional de Galicia a Miguel Carrero López, en calidade de mentor e ex-presidente de Unión Profesional.

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu o día 9 de abril á reunión do Grupo de Traballo para a elaboración da Estratexia Galega de Discapacidade para a Integración en Santiago de Compostela.

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 16 de abril ao Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

José Luis Domínguez Rey, coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, asistiu á reunión da Coordinadora da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos (PTORH) que tivo lugar na sede do Consejo General de la Psicología en Madrid os días 13 e 14 de febreiro.

A decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología o 21 de febreiro en Madrid.

O presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Javier Sardiña Agra, asistiu á reunión de Área de Psicoloxía Clínica do Consejo General de la Psicología o 7 de marzo en Madrid.



José Luis Domínguez Rey



Javier Sardiña Agra

Mª Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, e Concepción Rodríguez Pérez, coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio, asistiron o sábado 14 de marzo á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología en Madrid.

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, Mª Jesús López Cernadas, asistiu o 28 de marzo á reunión da Área de Psicoloxía da Intervención Social do Consejo General de la Psicología en Madrid.



Eva Muíño Gómez

Eva Muíño Gómez, coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, asistiu o 18 de abril á reunión da Área de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología, celebrada en Madrid.

Presentación da Guía de Peritos Xudiciais 2015

O 9 de marzo presentouse na Escola Galega de Administración Pública a edición de 2015 da *Guía de peritos xudiciais*, que publica Unión Profesional de Galicia, unha institución que representa a 44 colexios profesionais de ámbito autonómico, entre eles tamén o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

A quinta edición desta Guía distribuirase en órganos vinculados á carreira xudicial, en administración públicas e nos colexios profesionais membros de Unión Profesional de Galicia. Contén as referencias de máis de 2500 colexiados e colexiadas de 27 titulacións profesionais, tamén do ámbito da Psicoloxía, que actuarán como peritos xudiciais.

A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu á presentación, na que tamén participaron o presidente del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Miguel Ángel Cadenas e Juan José Martín Álvarez, director xeral de Xustiza.

AVISOS

Declaración da renda

Serán gastos a deducir as cotas colexiais, ata un máximo de 500 €. Máis información na Asesoría Fiscal do COPG:

José Luis Iglesias Sexto
Tfno.: 981 588 770
(Venres de 9:00 a 13:00 h)

Adhesión do COPG ao Pacto de Estado pola Infancia

O Colexio Oficial de Psicoloxía adheriuse ao Pacto de Estado Pola Infancia o pasado 9 de marzo. Este pacto ten como finalidade blindar os dereitos dos nenos e nenas. Desde o Colexio comprometémonos a expresar publicamente a nosa adhesión á proposta de Pacto, realizar todos os esforzos posibles para difundir a proposta e contribuír a incrementar as adhesións individuais e doutras entidades e difundir os dereitos da infancia e velar polo seu cumprimento no exercicio da nosa profesión.

Fallo da IX edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía do COPG

O Comité Seleccionador da IX Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía, reunido en Santiago de Compostela o 14 de abril de 2015, acordou a concesión da Beca ao proxecto *«O uso problemático de internet en perspectiva lonxitudinal: Predictores e consecuencias do sexting e o ciberacoso nos adolescentes galegos»*, presentado por Cristina Alonso Vilar, colexiada G-4779.

Actividades do COPG

Presentación

O 17 de marzo a sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia acolleu a presentación do libro «Cómo superar una adicción en siete etapas», do cal é autor o compañeiro colexiado Maximino Portela Freire.

AVISOS

Títulos de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía

Lembramos a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura ou grao e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.


Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.



Momento da presentación



Imaxe do cadro *Sin Título*



Momento do relatorio

Exposición

O 14 de abril tivo lugar a inauguración na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia da exposición de pintura da psicóloga colexiada Pilar Pastoriza González, G-1177.

A obra encádrase nun estilo «figurativo non realista», aínda que algunhas obras tenden á abstracción.

A exposición permaneceu no COPG ata o 30 de abril.

Relatorio

O mércores 25 de marzo na sede do COPG tivo lugar o Relatorio «Neurofeedback: Unha introdución á aplicación clínica e á investigación». Foi impartido por Ania Justo, psiquiatra, psicoterapeuta e especialista en neurofeedback.

Neste relatorio fíxose unha introdución ao tratamento con neurofeedback, a evidencia empírica que o sustenta e a súa aplicación clínica. O neurofeedback está recoñecido pola Academia Americana de Pediatría como un tratamento avalado pola evidencia empírica para o TDAH, e tense aplicado en adicións, estrés postraumático, epilepsia refractaria, rehabilitación cognitiva, cadros de ansiedade ou TOC.

Alegacións presentadas polo COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia interpuxo alegacións á Deputación de Pontevedra en relación ao temario da convocatoria dunha praza vacante no cadro de persoal funcionario convocada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con data 26 de xaneiro.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia interpuxo alegacións á convocatoria do posto de traballo de Técnico/a Coordinador/ora de Servizos Sociais do Concello de Ares para a inclusión como primeira palabra na nomenclatura do posto a de psicólogo/a.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia enviou á Subdirección Xeral de Inclusión, Inmigración e Acción Social da Xunta de Galicia as achegas pertinentes para a elaboración da proposta da Carteira de Servizos Sociais da comunidade.

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/prensa> e <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG xa está presente nas principais redes sociais.

De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <http://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicologo%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

Teño a obriga de colexiarme?

No conxunto do Estado español, é un **requisito indispensable** para o exercicio da profesión da psicoloxía estar incorporado ao Colexio Profesional correspondente. Todos os psicólogos e psicólogas que exerzan no ámbito público ou privado e baixo calquera fórmula de contratación, teñen esta obriga.

Este requisito recóllese do artigo 3.2 da Lei de Colexios Profesionais despois da reforma operada pola Lei 25/2009 (Lei Ómnibus), que mantén as obrigas vixentes.

AVISO

A Consellería de Sanidade realizará unha revisión de publicidade dos e das profesionais sanitarios

No Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia informáronse desde a Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios da Consellería de Sanidade, que van iniciar unha revisión da publicidade que están a realizar as e os profesionais sanitarios a través de medios publicitarios (folletos, xornais, páxinas online, guías de seguros médicos, etc.).

En todos estes soportes ten-se a obriga de consignar o número de rexistro outorgado pola autoridade sanitaria ao conceder a autorización do centro onde realizan a actividade. Igualmente, os carteis e/ou placas identificadoras dos centros sanitarios autorizados deberán consignar o número de rexistro.

A devandita obriga está establecida no Decreto 12/2009 do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.

Este número consta no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios, un rexistro de carácter público, ao que se pode acceder a través da web www.sergas.es, no buscador de centros.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓNS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/educativa>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

O día 15 de maio terá lugar no salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia unha charla informativa impartida por Ángela Magaz Lago e Manuel García Pérez, psicólogos clínicos e educativos en ALBOR-COHS, sobre os Protocolos Magallanes de Avaliación Psicoeducativa para Educación Infantil, Primaria e Secundaria. Será gratuíta e terá una duración de dúas horas. Está coordinada por Ana M^a Ulloa Lage, vicepresidenta da Sección de Psicoloxía Educativa.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

A Sección de Psicoloxía da Intervención Social organizou o 7 de marzo unha xornada para reflexionar sobre o papel das emocións na práctica da nosa profesión e sobre a aplicación do código deontolóxico nas intervencións profesionais. Coñecer e saber controlar as emocións, tanto as propias como as alleas, parece ser un factor positivo se queremos conseguir unha boa práctica profesional. Na mesma liña concluíuse na xornada que o código deontolóxico non só é importante coñecelo senón que é preciso respectalo para asegurar a calidade da atención prestada.

O vindeiro 13 de xuño teremos unha actividade na que intentaremos aprender como as novas tecnoloxías, neste caso a video-creación, poden sernos de grande utilidade nas intervencións en Psicoloxía da Intervención Social.

Por outra banda, para o mes de outubro está previsto que se convoquen as eleccións á Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social. Animamos ás socias e aos socios a formar o seu propio equipo directivo e presentar candidatura nesta convocatoria; é importante a participación activa de todas as persoas que formamos parte da Sección e que estean interesadas en que a Sección prospere e vele polos intereses da nosa profesión.

A nivel nacional, lembramos a todas as persoas socias da Sección, que está creada a División de Psicoloxía da Intervención Social (PISoc) e para formar parte da mesma é necesario solicitalo; está pensada para poñer en valor a profesión a nivel institucional, facer máis visible o traballo e funcións e formar parte no proceso de toma de decisión que afecten en calquera eido da Psicoloxía da Intervención Social.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/intervencion-social>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Desde a **Sección de Psicoloxía e Saúde** lembrámosche que tés ata o vindeiro **31 de maio** para enviar as túas colaboracións para o **Anuario**, tanto en formato **Caso Clínico** como en formato **Colaboración Libre**. Podes envialas á dirección de correo anuario@cop.es, agardamos os vosos traballos.

Por outra banda queremos sumarnos ao **rexeitamento manifesto polo COPG e a Mesa Galega da Psicoloxía Clínica** á implantación na nosa comunidade do **proxecto Mastermind** por parte da Consellería de Sanidade, o cal implica levar a cabo **intervencións cognitivo-condutuais online** para o tratamento da depresión desde atención primaria sen a supervisión das psicólogas e psicólogos clínicos do SERGAS.

Formación prevista

□ Curso «Apego e psicoterapia»

As datas previstas para a reedición do curso «**Apego e Psicoterapia**» serán finalmente os días 22 e 23 de maio en Santiago de Compostela. O curso será de novo impartido por **Elena Rodríguez Borrajo**, directora do Gabinete de Psicoloxía Alén, que nos falará dos trastornos do apego na infancia e na idade adulta, así como da súa abordaxe psicoterapéutica. Os labores de coordinación estarán a cargo de **Ignacio Dopico González**, vogal da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

No vindeiro mes de outubro ofrecerémosche tamén formación en temas como os **Trastornos Alimentarios** e o **Trastorno Obsesivo Compulsivo**, que agardamos sexan do teu interese.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/psicologia-e-saude>



Momento do curso



Momento do curso

Formación realizada

Os pasados 10 e 11 de abril levouse a cabo en Santiago de Compostela o curso **«A terapia de parella na práctica clínica: un modelo de diagnóstico e intervención»**, a cargo de **Carmen Campo López**. Asistiron máis de 50 colexiados e colexiadas que valoraron positivamente o seu contido.

Tamén se celebrou os días 17 e 18 de abril a reedición do Curso **«Avaliación e rehabilitación da atención e as funcións executivas: casos prácticos»**, organizado polo Grupo de Traballo en Neuropsicoloxía da Sección. Contou con máis de 20 asistentes e foi impartido en Santiago por **M^a Dolores Vinagre Torres** e **M^a Jesús Gómez Vecino**.

Lexislación

Lémbrese a todas as colexiadas e colexiados con consultas propias dedicadas á área da Psicoloxía Sanitaria, a obriga de inscribir as súas consultas no **Registro de centros, servizos e establecementos sanitarios da Xunta de Galicia**.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS



Momento da Sesión interactiva

Recursos Humanos e Consultoría

O pasado 15 de abril a Sección organizou na Facultade de Psicoloxía da USC unha sesión interactiva con estudantes sobre as competencias necesarias no ámbito da consultoría de recursos humanos. Interviwéron José Luis Domínguez Rey, membro da División de PTORH, que presentou o relatorio «Actividade profesional en

PTO: múltiples alternativas e retos»; Carmen González Carrillo, de Zemsania Oeste Consultora, que falou sobre «Psicoloxía e consultoría: selección e xestión de persoal»; e Julio González Morandeira, de Emera Consultoría y Tecnología, que tratou no seu relatorio sobre «Usabilidade da tecnoloxía: persoas e proxectos multidisciplinares».

Esta sesión representou un punto de encontro para informar e debater sobre distintas formas de abordar o exercicio profesional no ámbito da consultoría.

Grupo de Traballo sobre Psicoloxía e «Coaching»

Vén de crearse na Sección un grupo interno de traballo sobre «Coaching» de cara a potenciar o papel da Psicoloxía do Traballo e as Organizacións nas actividades vinculadas ao «coaching» e xerar un espazo de reflexión e aprendizaxe profesional, así como regular as prácticas e a acreditación pertinente. Nestes momentos estase a perfilar a estrutura e as normas de funcionamento do grupo para iniciar a presentación dos seus proxectos. Convidámoste a integrarte no mesmo e colaborar nas súas futuras actividades.

Curso de Formación «Avaliación psicolóxica de mergulladores profesionais»

1. Continuando coa formación específica en avaliación psicolóxica, a Sección PTO organizará para os meses de maio e xuño un curso de carácter presencial e online para habilitar a psicólogos e psicólogas para efectuar as probas de avaliación contempladas no regulamento do exercicio do mergullo profesional (Ode de 23 de abril de 1999, DOG nº 90 de 12/05/1999). A información sobre a estrutura e contidos do curso remitirase a todas as colexiadas e colexiados e estará dispoñible na web do COPG.

*Enlace ao apartado da
Sección de Psicoloxía do
Traballo e das Organiza-
cións da páxina web do
COPG:
[http://copg.copgalicia.org/
secciones/traballo-e-das-
organizacions](http://copg.copgalicia.org/secciones/traballo-e-das-organizacions)*

A División PTO RH: accións previstas

A División de Psicoloxía do Traballo, Organizacións e Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología, entre outras propostas, solicitou crear a figura do psicólogo e psicóloga experta en Saúde Laboral, propoñer accións formativas en «Mentoring», retomar a petición do Máster en PTO co Ministerio de Empleo y Seguridad Social e abordar a situación actual sobre a evolución do Europsoy de PTO. Nas próximas reunións ao longo de 2015 debaterase sobre estas temáticas e as súas implicacións profesionais.



GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)



Simulacro no aeroporto de Peinador

AVISOS

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Simulacros

O 14 de abril Soledad Ozores Dopereiro e Mercedes Milagrosa García García asistiron representando ao GIPCE ao simulacro de accidente aéreo organizado no aeroporto de Peinador dentro do seu plan de autoprotección.

Formación externa

Un ano máis o GIPCE está a participar na formación da Policía Local en colaboración coa AGASP. Nos meses de marzo e abril foron impartidos dous cursos:

- *Aspectos psicolóxicos nas mulleres vítimas de violencia de xénero*, de 20 horas de duración. Realizáronse dúas edicións que foron impartidas por Juan Carlos Prados Moreno e Aurora Rozadilla Arias os días 10, 11 e 12 de marzo e 15, 16 e 17 de abril, respectivamente.
- *Comunicación de malas noticias*, de 16 horas de duración. A primeira edición foi impartida por Avelina Senra Comesaña os días 25 e 26 de marzo. Está prevista unha segunda edición para finais de maio.

A coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, viaxou ata o COP de Extremadura para impartir o día 18 de abril un curso sobre a intervención no accidente de tren Alvia en Santiago de Compostela en xullo de 2013.

Os días 24 e 25 de abril e 8 e 9 de maio, Ana Isabel Martínez Arranz e M^a Carmen González Hermo impartiron na sede do COPG a primeira edición do curso *Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias*. Esta acción formativa estaba dirixida a profesionais da psicoloxía colexiados e estudantes do último curso da titulación en Psicoloxía.

Informacións

O día 8 de abril a coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, mantivo unha xuntanza con José Olivier Reboredo Campos, xefe de área técnica do Servizo Provincial de Emerxencias e responsable da elaboración do Plan de Asistencia a Vítimas de

Accidentes aéreos e as súas familias, e coa directora do IMEL-GA, Beatriz Otero Abadín. O obxectivo desta xuntanza foi avanzar no deseño de dito plan. Entre as cuestións abordadas estivo a designación de edificios destinados como centros de atención a familias nas sete principais cidades galegas. Nos vindeiros meses levarase a cabo esta tarefa coa visita dos devanditos centros.

Tal e como estaba previsto, o pasado 28 de marzo remataron as sesións de grupo do programa de intervención prolongada «Psicovial», con persoas penadas multirreincidentes por delitos relacionados co tráfico e que nesta edición se vén desenvolvendo na cidade de Ourense dende setembro de 2014. A intervención estase desenvolvendo cun grupo de 10 asistentes con diversas penas e causas xudiciais pendentes relacionadas coa Seguridade Viaria. Neste momento continúa a abordaxe do grupo coa parte de seguimento que durará ata o mes de xuño.

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

Informacións

- Continúase co apoio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para 2015 para os programas: Xornadas de Concienciación e Psicovial, en función das necesidades das Unidades de Medidas Alternativas, tendo igualmente dous meses de duración no caso das Xornadas de Concienciación. Neste momento estamos contactando coas citadas Unidades para encadrar as intervencións e establecer un cadro de grupos a realizar.
- Tamén segue operativo o préstamo dos instrumentos de avaliación do listado do Grupo de Tráfico e da Seguridade para o que se habilitou o seguinte enderezo electrónico grupotrafico@cop.es, a través do cal todos os membros do Grupo poden solicitar o seu uso para facer un mínimo de 2 pases, devolvendo cuberta a ficha de avaliación.
- Continuando coa formación continua en avaliación das capacidades cognitivas e mentais da xente maior, indicar que a próxima reunión de Grupo está prevista para o 23 de maio co título **«Avaliación neuropsicolóxica de persoas maiores no contexto do tráfico. Probas de cribaxe»**. O relator será Xavier



Coordinadoras de psicovial

AVISO

Actualización de datos

Desde o COPG realizamos a maioría de comunicacións por e-mail.

Lembra actualizar o teu enderezo electrónico en copgalicia@cop.es

COMISIÓN DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE

Sardiña Agra, presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde con ampla experiencia na valoración neurolóxica.

Como xa seguramente verías estes días, nos medios de comunicación pídesse máis rigor nas avaliacións psicotécnicas das persoas maiores. Desde o Colexio enviouse nota de prensa (dispoñible na web) e participouse en varias radios e televisións en defensa da nosa profesionalidade indicando tamén a preocupación do colectivo de profesionais polo aumento de avaliacións neste rango de idade, motivo polo que nos seguimos formando neste aspecto de maneira continuada e específica.

Queda apelar a todas e todos os profesionais da avaliación que veñen desempeñando o seu labor nos centros psicotécnicos, teñan en conta este toque de atención e realicen avaliacións serias neste eido utilizando instrumentos de valoración psicolóxica para sustentar as decisións en criterios obxectivos corroboraes.

- A Sociedade Iberoamericana de Psicoloxía do Deporte (SIPD) organiza un ciclo de vídeo-conferencias en aberto (para todas as persoas interesadas) e outras só para socios e socias, como complemento formativo ao MASTER SIPD (2º Edición). É necesario inscribirse:

O contexto social no deporte adolescente de alto rendemento: o rol do adestrador e os pais.

Julia Raimundi. Máster UMA. Universidad de Buenos Aires.
Mércres, 27 de maio a las 16 horas.

Reunión número: 808 699 389

<https://udd.webex.com/udd/j.php?MTID=m40b32c2740a9b6e729097fb011453e6a>

Contrasinal: 10sipd

- Congreso Internacional sobre Fútbol e Psicoloxía
Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, 20-24 de xullo de 2015
<http://www.usc.es/gl/congresos/cpsifutbol>
- 14º Congreso Europeo de Psicoloxía do Deporte FEPSAC
Berna (Suíza), 14-19 de xullo de 2015
<http://www.fepsac2015.ch/>



2009

Joel Gómez

Xornalista

Pola súa contribución á sensibilización social coa divulgación da psicoloxía a través dos medios de comunicación desde hai moitos anos, pola súa dedicación e a súa entrega.



2010

Juan Carlos

Varela García

Fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Por ter contribuído desde a súa profesión a avanzar cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria a través das iniciativas que promove e polo seu enfoque da intervención en problemáticas de carácter social.



2011

**Asociación
pola Recuperación
da Memoria Histórica**

Polas súas valiosas achegas ao coidado e á recuperación da memoria histórica, un acto de xustiza fundamental para dignificar as persoas e os pobos.

*Galardón
Dolores Llópez:
Psicoloxía e sociedade
2015*

No Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creamos en 2009 o acto Achegas da Psicoloxía, un encontro anual para todas as persoas colexiadas no que realizamos a entrega do noso galardón máis importante: o Premio Dolores Llópez «Psicoloxía e Sociedade».

Este recoñecemento creouse para distinguir a persoa, a institución ou a asociación pola súa contribución ao desenvolvemento da psicoloxía en calquera dos seus eidos.

No Achegas tamén significamos aos colexiados e colexiadas que celebran 25 anos con nós de forma ininterrompida e damos a benvida ás persoas que se incorporaron no último ano.

ACHEGAS DA

*Galardón
Dolores Llópez:
Psicoloxía e sociedade
2015*



2012

Gemma Nierga

Xornalista

Polo compromiso e a sensibilidade demostrados no seu traballo contribuíndo á visibilización e á desestigmatización da enfermidade mental ou de persoas na prisión.



2013

José Luis Sampedro Sáez

Escritor

Pola súa sensibilidade, o seu compromiso social, as súas reivindicacións, a súa coherencia e actitude persoal, e polas súas palabras cun enorme poder de visualización e defensa da dignidade humana.



2014

Veciñanza do barrio de Angrois

Polo seu comportamento xeneroso, exemplar e altruísta que axudou a salvar vidas no trágico accidente do tren Alvia acontecido en Santiago de Compostela a noite do 24 de xullo de 2013.



2015

Eduard Punset

Divulgador científico

Polo seu labor achegando profesionais e estudos internacionais sobre o comportamento humano, a neuropsicología e as emocións, para comprender mellor o desenvolvemento da persoa.

PSICOLOXÍA

O vindeiro **30 de maio** celebraremos o acto Achegas da Psicoloxía que este ano terá lugar no Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela. Alí faremos a entrega do premio «Dolores Llópiz, Psicoloxía e Sociedade», que nesta sétima edición recae en Eduard Punset, prestixioso xurista e coñecido como divulgador científico. O acto comezará ás 14 horas e tras compartir o xantar, faremos ademais un recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que cumpren 25 anos de colexiación ininterrompida.

Agardamos contar coa túa participación; é preciso confirmar asistencia antes do 15 de maio.

O Grupo de Traballo de Atención Temperá, coordinado pola vogal da Xunta de Goberno Olegaria Mosqueda Bueno, reuniuse o 14 de abril para valorar o Protocolo de Atención Temperá, co obxectivo de contribuír e transmitir observacións e suxestións á Consellería de Traballo e Benestar.

GRUPO DE TRABALLO DE ATENCIÓN TEMPERÁ



Grupo de Traballo de
Atención Temperá

AVISO

O teu número de colexiación ten moito valor: faino ver

Cada novo psicólogo ou psicóloga que se achega ao COPG con intención de colexiarse fainos esta mesma pregunta: que beneficios teño ao colexiarme? Adoitamos quedarnos en prestacións e outras cuestións, pero descoidamos unha moi relevante. Desde o COPG queremos lembrarche todo o valor que está detrás do número de colexiación que te identifica e que vai máis alá dos dereitos e servizos.

A defensa da profesión e a loita contra o intrusismo son uns dos nosos obxectivos fundamentais; tanto que vimos de crear unha Comisión para dedicarse

exclusivamente a estes asuntos. Estamos a traballar en campañas de difusión para chegar mellor á sociedade, que comprenda a nosa profesión e a súa utilidade para o benestar das persoas.

O teu número de colexiación acredítate como profesional diante da sociedade: é o mellor aval para garantir que cumpres coa titulación e cos requisitos legais para exercer como psicólogo ou psicóloga, sexa cal sexa a túa especialidade ou área de traballo.

O feito de que o COPG reúna a todos os profesionais da psicoloxía de Galicia outórganos unha forza e unha representatividade

que nos dá máis capacidade para levar adiante as reivindicacións que afectan ao noso sector. Somos a entidade acreditada para falar en nome dos psicólogos e psicólogas galegas, e cada un dos nosos colexiados e colexiadas dános máis voz.

Por iso animámoste a que non esquezas o valor do teu número de colexiado ou colexiada: faino público nos informes que elaboras, no teu espazo de traballo, nas túas comunicacións por enderezo postal ou electrónico, nos teus soportes publicitarios... É a mellor garantía que tes para presentarte diante da sociedade.

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

<http://copg.copgalicia.org/actividades/externas>

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO «APEGO E PSICOTERAPIA»

Datas: 22 e 23 de maio de 2015

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC

Docentes: Elena Rodríguez Borrajo

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG

CURSO «AVALIACIÓN PSICOLÓXICO-FORENSE EN MENORES VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL»

Data: 23 de maio de 2015

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC

Docente: Mariana Abeledo Otero

Organiza: Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG

CURSO «ACTUALIZACIÓN NO TRATAMENTO COGNITIVO-CONDUCTUAL DOS TRASTORNOS OBSESIVO COMPULSIVO»

Datas: 24 e 25 de abril e 8 e 9 de maio

Lugar: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Docente: Juan Sevillá Gascó

Organiza: Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG

CURSO «III CONGRESO DE PSICOLOXÍA PROFESIONAL DE GALICIA»

Datas: 2,3 e 4 de xuño de 2016

Lugar: Pazo de Congresos de Santiago de Compostela

Organiza: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9:00 a 14:00 h
e de 16:00 a 21:00 h, e os venres
de 9:00 a 14:00 h

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **Linkedin:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionais
de Psicológos

1980 2015
35 anos
medrando coa
profesión